

Indicadores de xénero

NOTA DE PRENSA

A metade das mulleres galegas de entre 30 e 34 anos teñen estudos superiores

Dúas de cada dez mulleres ocupadas en Galicia teñen un emprego a tempo parcial

O obxectivo da operación estatística “Indicadores de xénero” é elaborar un conxunto de indicadores que proporcione unha visión xeral da situación das mulleres e dos homes en Galicia, a súa evolución ao longo do tempo e as diferenzas entre xéneros en diferentes ámbitos como o mercado de traballo, a conciliación da vida familiar e laboral, a inclusión social, a educación e a presenza na toma de decisións.

Poboación e familias

Durante o ano 2009 producíronse en Galicia 7,7 nacementos de nais de nacionalidade española por cada mil habitantes. A taxa bruta de natalidade de nais de nacionalidade estranxeira situouse preto dos 17 nacementos por cada mil habitantes. En comparación a taxa bruta de natalidade é maior en España tanto entre as nais de nacionalidade española (9,8‰) como entre as de nacionalidade estranxeira (17,8‰).

A idade media á maternidade das mulleres residentes en Galicia e de nacionalidade española é de 32 anos. Entre as mulleres de nacionalidade estranxeira a idade media á maternidade baixa ata os 28,4 anos.

Taxa bruta de natalidade segundo a nacionalidade da nai. Ano 2009

Tanto por mil

	Española	Estranxeira
Galicia	7,7	16,9
España	9,8	17,8

Idade media á maternidade segundo a nacionalidade da nai. Ano 2009

Anos

	Española	Estranxeira
Galicia	32,0	28,4
España	31,7	28,4

Fonte:

Galicia: IGE/INE. Movimiento natural de la población;

INE. Padrón municipal de habitantes


España: INE. Indicadores Demográficos Básicos

O 57,7% dos fogares unipersoais que en 2010 residían en Galicia correspondían a mulleres. Por grupos de idade, os fogares unipersoais de homes son máis habituais na franxa de idade comprendida entre os 25 e os 54 anos. A partir desta idade é maior a porcentaxe de mulleres

que viven soas. De feito, o 68,3% das persoas de entre 65 e 74 anos que viven soas son mulleres e esta porcentaxe aumenta ata o 77% para as persoas con idades comprendidas entre os 75 e os 84 anos.

Fogares unipersoais segundo o sexo e grupos de idade. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Saúde

Nos últimos dez anos, a esperanza de vida en Galicia aumentou en 2,1 anos entre as mulleres ata situarse nos 85,1 anos en 2009. A esperanza de vida para os homes en 2009 é de 78,3 anos acadando a brecha de xénero a favor da muller os 6,8 anos. A esperanza de vida en Galicia supera en 1,9 anos á da UE-27 entre os homes e en 2,7 anos entre as mulleres.

A esperanza de vida das galegas aos 65 anos é 4,3 anos maior á dos galegos e acada os 22,8 anos.

Esperanza de vida. Ano 2009

Anos

	Ao nacer		Aos 65 anos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Galicia	78,3	85,1	18,5	22,8
España	78,6	84,9	18,3	22,4
UE-27	76,4	82,4	17,2	20,7

Fonte:

Galicia: Elaboración propia a partir de: INE. Padrón municipal de habitantes;

IGE/INE. Movemento natural da poboación

España: Eurostat: Population Statistics

UE-27: Eurostat: Population Statistics

Nota: os datos da UE-27 corresponden ao ano 2008


Educación

O abandono educativo temperán, calculado como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non segue estudos nin formación e cuxo nivel de estudos non sobrepasa a educación secundaria inferior, é maior entre os homes que entre as mulleres. En 2010, este indicador acadou o 27,8% entre os varóns galegos, mentres que para as mulleres é 9,5 puntos inferior.

España presenta unhas taxas de abandono educativo temperán maiores que Galicia, mentres que na UE-27 son significativamente inferiores (16% para os homes e 12,2% para as mulleres). Non obstante, a porcentaxe de poboación de 24 a 54 anos que participou nalgunha actividade formativa (indicador de formación permanente) acadou valores superiores en Galicia e España.


Abandono educativo temperán. Ano 2010

Porcentaxes



Formación permanente. Ano 2010

Porcentaxes



Fonte:

Galicia: IGE/INE. Encuesta de población activa
 España: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey
 UE-27: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

A metade das mulleres galegas de entre 30 e 34 anos teñen estudos superiores. Para os homes esta porcentaxe baixa ata o 36,7%. No período 2004-2010, a porcentaxe de homes neste grupo de idade con estudos superiores aumentou 3,1 puntos mentres que entre as mulleres o incremento foi de 10,3 puntos.

En comparación coa UE-27, tanto España como Galicia presentan valores superiores para este indicador. De feito, en 2010 a porcentaxe de homes neste grupo de idade con estudos superiores é 6,7 puntos maior en Galicia que na UE-27. Para as mulleres a diferenza acada os 13,6 puntos.

Poboación de 30 a 34 anos con nivel de formación alcanzado educación terciaria. Ano 2010

Porcentaxes


	Homes	Mulleres
Galicia	36,7	50,8
España	35,7	45,9
UE-27	30,0	37,2

Fonte:

Galicia: IGE/INE. Encuesta de población activa
España: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey
UE-27: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

Evolución porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con nivel de formación alcanzado educación terciaria. Galicia

Porcentaxes



Traballo

Na última década produciuse un achegamento entre as taxas de ocupación masculina e feminina en Galicia. En 2001 a diferenza entre estas dúas taxas era de 21,9 puntos e reduciuse a 12,7 no ano 2010. Para este último ano, a taxa de ocupación feminina en Galicia sitúase un punto por debaixo da española e é 5,5 puntos inferior á da UE-27.

Taxa de ocupación segundo o sexo. Ano 2010

Porcentaxes


	Homes	Mulleres
Galicia	52,8	40,1
España	54,0	41,1
UE-27	58,7	45,6

Fonte:

Galicia: IGE/INE. Encuesta de población activa
España: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey
UE-27: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

Evolución da taxa de ocupación. Galicia

Porcentaxes



Entre as mulleres asalariadas de 20 a 64 anos, arredor do 28% ten un contrato temporal. Esta porcentaxe supera en 2,1 puntos ao valor acadado no conxunto de España e duplica a cifra da UE-27. No tocante aos homes, a porcentaxe de asalariados con contratos temporais en Galicia é do 21,8% (6,1 puntos menos que nas mulleres).

Por outra banda, en 2010, dúas de cada dez mulleres ocupadas en Galicia ten un emprego a tempo parcial, mentres que para os homes esta porcentaxe non chega ao 5%. Na UE-27 a representación do emprego a tempo parcial é maior que en Galicia e España, e supón o 31,9% das mulleres ocupadas e o 8,7% dos homes.

Asalariados de 20 a 64 anos con contratos temporais. Ano 2010

Porcentaxes

	Homes	Mulleres
Galicia	21,8	27,9
España	23,4	25,8
UE-27	12,2	13,7

Ocupados a tempo parcial. Ano 2010

Porcentaxes

	Homes	Mulleres
Galicia	4,7	20,0
España	5,4	23,2
UE-27	8,7	31,9

Fonte:

Galicia: IGE/INE. Encuesta de población activa
España: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey
UE-27: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

En Galicia, no período 2001-2010 a taxa de paro masculina incrementouse en 6,8 puntos mentres que a feminina fíxoo en 0,8, reducíndose deste xeito a diferenza entre ambas as dúas taxas. Para o último ano deste período, a taxa de paro feminina en Galicia é 4,2 puntos inferior á de España, pero 6,7 puntos superior á da UE-27.

Taxa de paro segundo o sexo. Ano 2010

Porcentaxes


	Homes	Mulleres
Galicia	14,6	16,3
España	19,7	20,5
UE-27	9,6	9,6

Fonte:

Galicia: IGE/INE. Encuesta de población activa
España: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey
UE-27: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

Evolución da taxa de paro. Galicia

Porcentaxes




Poder e toma de decisións

No ano 2011 a porcentaxe de mulleres no Parlamento de Galicia é do 40%. No conxunto de parlamentos autonómicos esta porcentaxe sobe ao 43,1%.

Na administración local, a porcentaxe de concelleiras é do 36,5% en Galicia e do 35% en España. Cabe destacar que a porcentaxe de mulleres alcaldesas supón o 7,6% do total de alcaldes en Galicia, 9,2 puntos menos que para o total de España.

Porcentaxe de mulleres en cargos políticos. Ano 2011

Porcentaxes



Fonte: IGE/Instituto de la Mujer. Mujeres en cifras

Pobreza

En 2009, a taxa de risco de pobreza en Galicia é maior entre as mulleres (14,7%) que entre os homes (13,9%). Para ambos os dous sexos, esta taxa é menor á rexistrada en España e na UE-27. De feito, entre as mulleres galegas a taxa de risco de pobreza é 5,9 puntos inferior á de España e 2,4 puntos á da UE-27.

Entre os fogares formados por un adulto con polo menos un fillo dependente, a taxa de risco de pobreza sitúase no 33,1% en Galicia, 3,6 puntos menos que en España e 9 décimas menos que para o conxunto da UE-27.



Taxa de risco de pobreza. Ano 2009

Porcentaxes

	Homes	Mulleres
Galicia	13,9	14,7
España	18,3	20,6
UE-27	15,4	17,1

Fonte:


Galicia: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

España: Eurostat/EU-SILC: Community Statistics on Income and Living Conditions

UE-27: Eurostat/EU-SILC: Community Statistics on Income and Living Conditions

Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais en fogares formados por un adulto con polo menos un fillo dependente. Ano 2009

Porcentaxes



Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0602

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica

Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>